

## Concentracións, paros e manifestación contra o ERE en Atento na Coruña



Os traballadores e traballadoras de Atento seguen a loitar contra un ERE que supón o despedimento de máis de 800 persoas nos centros de traballo de toda España. Na Coruña trátase do despido de 49 persoas, nunha empresa que ten millónarios beneficios, reprime e maltrata aos empregados e empregadas, e mantén unhas condicións de traballo e salariais de miseria.

O persoal da Coruña está loitando contra esta situación desde hai meses e ven promovendo mobilizacións nos últimos tempos, tanto concentracións como manifestacións, paros por quendas e de 24 horas, etc.

Esta semana é crucial, porque se está a esgotar o prazo forzoso de negociación. A **CGT** rexeita este ERE por ser fraudulento, por facerse con argumentos falsos e sen causa ningunha. Por isto, a **CGT** convoca a todos os traballadores e traballadoras, e a toda a clase obreira coruñesa, a **dúas concentracións** diante da sede da empresa na rúa Juan Flórez da Coruña, ás 12:00 e ás 18:00 horas de mañá, día 22, martes.

O próximo xoves, día 24, a **CGT** convoca un **paro de 24 horas** para enfrontarse a esta agresión da empresa e unha **manifestación** que sairá ás **12:00 horas** desde o cento de traballo.